





O Samáin

Hai aproximadamente 2.600 anos chegou a Galicia a influencia da cultura centroeuropea da Idade do Ferro.

Ademais dos seus adiantos científicos e técnicos, como a metalurxia do ferro, tamén trouxeron a súa cultura e as súas crenzas.



Os pobos celtas eran politeístas, adoraban a moitos deuses: Dagda (deusa da bondade), Nuada (guerra), Bríxida (lume), Ogma (forza e literatura) Donn (morte), Lugh (sabedoría), As Morrigan (das batallas)..., que representaban tanto as forzas da natureza como as condicións do espírito.



De aí que as súas festas coincidan con determinadas datas relacionadas coas estacións e cos seus cambios:


- 1 Febreiro en honra a Imbole.
- 1 Maio en honra a Beltain.
- 1 Agosto en honra a Lugh.
- 1 Novembro en honra a Samaín.



*Samhain*



*Yule*



*Imbolc*



*Ostara*

Ao igual que outros pobos bárbaros, os Celtas consideraban as cabezas dos seus inimigos máis que como un botín de guerra coma o cerne dos misterios do ser humano.

Crían que "aquele que posuía unha caveira posuiría a forza máxica da súa pantasma".





Cando as colocaban en lugares estratéxicos non só lle concedían valores defensivos senón que tamén as crían capaces de sucesos prodixiosos dende cánticos celestiais, arrepiantes berros e sobre todo profecías verdadeiras.

A festa do Samaín era a data máis perigosa do seu calendario posto que o mundo dos mortos, o Outromundo, facíase accesible para os mortais, podendo pasar a formar parte del por culpa dun feitizo ou meigallo.

Cando chegaban as celebracións do Samaín (ao chegaren as longas noites escuras) tense por certo que os celtas colocaban unha velas rudimentarias no interior das caveiras dos inimigos mortos, colocándoas nos cruces de camiños, nos arredores e nas muradas dos seus castros, co obxecto de arrepiaren os inimigos, para asombro e veneración das súas xentes e para esconxurar os perigos da celebración.



Non é casualidade que moitos anos despois o cristianismo escollese estas data para celebrar os días de Defuntos e Todos os santos






# Festa das cabazas

Se se busca en libros de etnoloxía polas celebracións que se fan no noso país con ocasión do día de Defuntos, atoparemos unha serie de costumes ancestrais propias do país. Desde o deixar un oco na mesa ou racións de comida para os defuntos ata facer colares coas castañas novas.



Rafael López Loureiro, mestre de escola de Cedeira foi o responsable de redescubrir esta tradición e comprobar que existía por todo o país ata hai menos de trinta anos. Por se fose pouco tamén comprobou a súa pervivencia no norte de Cáceres, arredor da zona na que están situadas as aldeas de fala galega, e aínda en zonas de Zamora e mesmo en Madrid.



Relatos

# Ánimas

Sempre dicía que lle gustaba pasear polos arredores da igrexa de Liáns. Santa Eulalia parecíalle enfeitizada cos seus arquiños amarelos alí abaixo, no fondo do souto. O cemiterio estendido na ladeira de herba gustáballe moito. Era, segundo el contaba, un lugar tan recollido e apracible que mesmo se podía falar coas ánimas. Iso lle escoitei moitas veces a Xosé Freire.

Pero onte corría tanto como lle daban as pernas para deixarme atrás. Non quixo agardarme e iso non me pareceu ben, porque era a primeira vez que eu sáia ao souto e descoñecía os camiños.

Esta mañá escoiteilles aos operarios da limpeza das lápidas que a súa chaqueta aparecera tirada no adro e o seu teléfono móbil escachado enriba dunha tumba, pero nin rastro do home. Falaban e falaban do asunto pero nunca adiviñarían o que nos pasou

Vivo en Oleiros e cada noite esperto cos berros da miña muller e os meus catro fillos. Debería facerlles saber que non os vou deixar saír.

# Pasteis humanos

Estaba a esperar o perruqueiro, necesitaba carne para os meus pasteis. Mágoa que xa se estenderan os rumores do seu negocio. Por sorte, alguén de Santa Cruz pediu cita, así obtería nova mercadoría.

Non o podo soportar máis! Están destruindo a Biblioteca Rialeda. Non o poden facer, alí está enterrada media vida miña, alí están soterrados os meus segredos, alí está media parte de min. Porque se que alí deixei á miña xemelga que desapareceu hai uns anos.

E por último....

O conxuro do Magosto



**Mouchos, curuxas, profes e profas.**

**Demos, trasgos e diaños,  
inspectores da fría Consellería.**

**Corvos, pínegas e meigas,  
feitizos das conserxes.**

**Podres cañotas furadas,  
fogar dos pobres alumnzos oleirenses.**

**Lume das santas Compañas.**

**Mal de ollo, negros meigallos,  
cheiro dos mortos, tronos e raios.**

**Ouveo do can, pregón da morte;**

**Fuciño do sátiro e pé do coello.**

**Pecadora lingua da profesora**

**enfadada co mundo.**

**Averno de deberes e exames,  
lume dos professores xubilados,  
cadernos mutilados dos docentes,  
peidos dos infernais cus,  
muxido da mar embravescida.**

**Horas inútiles de alumnos distraídos  
e profesores aburridos  
falar dos rapaces que andan á xaneira,  
netflix, hbo, cada vez menos tempo para estudar.**

**Con estas castañas chamaremos aos espíritos  
dos alumnos que xa non están  
e virán os profesres a cabalo das súas bicicletas,  
índose bañar na praia da ría.**

**¡Oíde, oíde! os berros que dan as que  
non poden deixar de traballar  
na biblioteca quedando así purificadas.**



**E cando este alimento baixe polas nosas gorxas,  
quedaremos libres dos males  
da nosa alma e de todo embruxamento.  
Forzas de Oleiros, Perillo, Montrove e Liáns,  
a vós fago esta chamada:**

**Se é verdade que tedes máis poder que a humana xente,  
eiquí e agora,  
facede que os espíritos dos compañeiros que faltaron,  
participen con nós deste Magosto.**

